

Conto en verso

A importancia para a literatura dun escritor como Ramón Caride é nestas alturas incuestionable. O autor de Cea conta cunha vastísima obra narrativa que ten sido abondo recoñecida pola crítica e polos lectores mais tamén con achegamentos importantes á poesía como proban *Flor no deserto* ou *Diacrónica*. Mais dentro daquela produción narrada, a adicada ao público infantil e xuvenil, merece un nomeamento á parte pola cantidade de obras adicadas ao tema ecolóxico, se cadra un interese provocado tamén pola súa actividade profesional pois é profesor de bioloxía no ensino secundario, que o levou a crear a serie protagonizada por Said e Sheila que supuxo unha auténtica innovación dentro do sistema literario galego.

Malia a boa acollida destas obras infantís e xuvenís, o autor agora cambia radicalmente de rexistro con *Bertiño Rompetodo* e así esquece a ciencia-ficción e mais a protección do planeta para publicar un fermoso e divertido conto en verso de tema trivial. Un orixinal conto, prota-

Gozar da orixinalidade



PAULA FERNÁNDEZ



go -
nizado
por un sim-
pático rapaz que logo consegue
o afecto de quen le por esa es-
traña capacidade que lle fai des-
trozar todo canto toca ou estra-
gar calquera cousa á que se
achegue. Unha calidade, a do

rapaz, que creará situacións cheas de humor, do agrado do público de arredor de seis anos quen tanto goza con esas situacións caóticas, mais tamén unha calidade que, lonxe de provocar preocupación ou ira produce resignación e mesmo abeira unha esperanza no intre que descubren que pode ser focalizada dunha maneira útil; Bertiño poida aproveitala profesionalmente como técnico no control de calidade dunha empresa.

Unha composición narrativa en verso de desenvolvemento lineal onde os acontecementos se presentan de maneira ordenada dende a presentación até o desenlace, apoiados nun texto rítmico, dinámico e de sintaxe sinxela en que a presenza da rima musicaliza a lectura e que se apoia nas coloristas ilustracións de Chus Ferrín, que evocan nalgúns trazos os artistas plásticos da primeira metade do século XX, para conseguir un fermoso conto ilustrado divertido e visualmente moi atractivo.

CARIDE, Ramón, *Bertiño Rompetodo* (Ilustr. Chus Ferrín), Ed. Xerais, Vigo, 2008, 32 páxinas.